

ASUNTO: MODIFICACIÓN COMPOSICIÓN XUNTA DE GOBERNO LOCAL**GESTDOC: 4713/2021.****ANTECEDENTES**

O día 26.05.2019 tiveron lugar as derradeiras eleccións municipais. Como resultado das mesmas, en sesión plenaria de 15.06.2019 resultou elixido como alcalde José Manuel Miñones Conde.

O pasado 29.03.2021 o alcalde presenta a súa renuncia aos cargos de concelleiro e alcalde e, nese mesmo día, en sesión extraordinaria e urxente o pleno toma coñecemento da súa renuncia declarando a vacante producida.

Unha vez comunicada a vacante á Xunta Electoral Central o día 07.04.2021 recíbese a credencial correspondente ao novo concelleiro que resultou ser Santiago Márquez Noya, incluído na candidatura do PSG-PSOE, tomando posesión do seu cargo como concelleiro en sesión plenaria extraordinaria e urxente que tivo lugar as 20.00 horas do día 08.04.2021.

A continuación, as 20:30 horas noutra sesión extraordinaria tivo lugar a elección de novo alcalde, resultando elixido José Blas García Piñeiro,(PSG-PSOE), quen despois das formalidades legais tomou posesión do seu cargo como alcalde.

De conformidade co previsto no artigo 20.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), a Xunta de Goberno Local é de existencia preceptiva neste concello. Conforme o artigo 23 da mesma Lei, a Xunta de Goberno Local intégrase polo alcalde e un número de concelleiros/as non superior ao terzo do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente por aquel, dando conta ao Pleno.

Á vista da normativa indicada na LRBRL e artigos 52 e concordantes do Real decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como o artigo 11 do Regulamento Orgánico Municipal, esta Alcaldía, no uso das súas atribucións resolve:

Primeiro.- Modificar a composición da Xunta de Goberno Local do Concello de Ames, que queda integrada polos seguintes concelleiros/as:

Jose Blas García Piñeiro que, na súa calidade de alcalde, actuará como presidente.
Luisa Feijóo Montero
Ana Belén Paz García
Victor M. Fernández Prieto
David Santomil Mosquera

Natividad de Jesús González Rodríguez

Genma Otero Uhía

Segundo.- Manter como día e hora para as sesións ordinarias de Xunta de Goberno Local os xoves as 11:30 horas tal e como foi acordado polo anterior alcalde (decreto 2897/2019, do 15 de novembro).

Terceiro.- Notifíquese esta resolución ás/aos concelleiras/os interesadas/os a fin de que amosen a súa aceptación expresa que figurará en documento anexo.

Cuarto.- Publíquese esta resolución no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ames.

Quinto.- Dese conta ao pleno da Corporación en cumprimento do establecido no artigo 38 do Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF).

Ames, abril de 2021.

O alcalde

Blas García Piñeiro

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo

HASH DO CERTIFICADO:
0FD2C378C7B204298B5CEED09905C886F2BBDE1
DF5404BF53C68ABC5CAD316831A644E219B37FA9

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC295E7A4E327976C4890

POSTO DE TRABALLO:
Alcalde
Secretaría

NOME:
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS
PRADA QUEIPO, ROSA ANA

